

PREGUNTAS E RESPOSTAS

SOBRE A XORNADA CONTINUADA OU ÚNICA EN XERAL

1-Hai diferenca entre os termos continuada, única, partida?

Xornada continuada e única é o mesmo, e significa que o alumnado concentra as 5 sesións lectivas de xeito que non son interrompidas por desprazamentos aos fogares nin polo servizo de comedor.

A xornada partida é a que temos actualmente no centro, de xeito que se interrompe a xornada lectiva polo servizo de comedor e/ou desprazamento as casas do alumnado.

2-En Galicia, son maioría os centros con xornada única ou partida?

Nas provincias de A Coruña e Pontevedra son maioría os centros con xornada única.

Nas cidades e nas localidades próximas son maioría os de xornada única en todo Galicia.

3-De non estar contentos coa xornada única podería volverse á xornada partida?

Si. Contémplase a formación dunha comisión de seguemento e avaliación de xornada única que poderá propoñer a volta a xornada partida.

Descoñecemos a existencia de centros que optando pola xornada continuada volvesen á xornada partida.

Todos os anos o número de centros con xornada única está medrando.

4-Beneficia e polo tanto é un obxectivo só do profesorado?

Quen se fixe só no horario lectivo poidera sacar esa conclusión. Quen lea o proxecto verá que sae beneficiada toda a comunidade, especialmente o alumnado.

Sacar adiante este proxecto significa con seguridade un enorme impulso á colaboración de toda a comunidade educativa que nos vai a dar estabilidade e forza para acometer futuros proxectos conxuntamente.

SOBRE O HORARIO

1-Está o horario condicionado polo transporte escolar?

Efectivamente. A Delegación Provincial diseña un conxunto de rutas que se cobren cun número determinado de autobuses. Ocorre que o transporte deste centro está combinado co do Instituto de Bertamiráns, co do Ceip de Barouta (Ames) e Ceip Agro do Muiño (Ames).

2-Outros centros teñen este mesmo horario?

Si. Varios en todo Galicia, pero aquí moi próximos temos o Ceip de Negreira e o Ceip de Sigüeiro

3. Tendo en conta que a xornada lectiva remata ás 14:45, e logo ven o servizo de comedor que remata ás 15:30, por que non adiantar o horario do transporte escolar ata as 15:30?

-O transporte escolar podería facer os luns e os martes a saída ás 16h. É o resto dos días as 16:30h. Creemos que é mellor unificar os horarios todos os días.

-Por outra banda deste xeito, estamos dando a oportunidade a todo o alumnado transportado de participar nas actividades complementarias ofertadas na primeira franxa horaria de 15:30h. a 16:30h.

4-Como aumenta a 4 posibilidades a saída do alumnado do centro despois do horario lectivo?

O alumnado poderá marchar para as súas casas unha vez rematadas as clases ás 14:45h, despois de comer as 15:30h, a hora de saída do transporte ás 16:30h e ás 17:30h.

As familias optarán por un destes horarios de saída para facer os correspondentes listados e facilitar o control do alumnado. As portas do centro permanecerán abertas dez minutos durante eses tempos de saída.

5-Que quere dicir que a xornada única aforra tempos nos desprazamentos?

Efectivamente redúceos. Actualmente hai dous recreos, o da mañán e o de despois de comer.

Coa xornada única, polo menos na primaria só haberá un recreo, polo que os tempos de baixada e subida do alumnado dun dos recreos xa se aforra.

6-En que consiste Bos días cole?

É un servizo que ofrece a ANPA a través dunha empresa para a entrada do alumnado ás 7:30h.

É un servizo cun coste reducido aberto a socios e non socios, que se pode usar diariamente ou os días que as familias o consideren oportuno.

7-Renunciamos a mellorar o horario de xornada única?

Todo o contrario. O feito de dispor de xornada única sempre reforza a posibilidade de mellorar o horario ás necesidades da comunidade. Sempre terá máis forza e motivos de modificar o seu horario un centro con xornada única que outro con xornada partida.

SOBRE O COMEDOR

1-Condiciona a o tipo de xornada a continuidade do servizo de comedor escolar?

A continuidade do servizo está garantizada con xornada única e xornada continua sempre que haxa persoal colaborador.

O que garante a xornada continua é a colaboración do profesorado na súa xestión. Agora mesmo diariamente hai unha profesora encargada do comedor, dous profesores na garda de comedor e biblioteca, e oito nais colaboradoras .

2-É indispensable a colaboración do profesorado na xestión do comedor?

Non.

Encargado/a de comedor pode ser calquera pai/nai que teña tempo suficiente para realizar as funcións. Recibir a proveedores, comprar, xestionar persoal, controlar menús... esixe unha permanencia no centro antes e durante o servizo de comedor.

Que o profesorado non colabore pon en perigo os servizos de biblioteca, estudo e ludoteca.

4-Cales son as funcións da persoa encargada do comedor?

-Propoñer os menús, xestionar o almacén do comedor con altas, baixas e datas de caducidade, facer as compras, cotexar os albaráns e facturas para a xestión económica, coordinar o persoal colaborador e de cociña, xestionar actividades complementarias ...

5-Que asignación económica teñen os colaboradores de comedor?

A encargada de comedor ten unha asignación de 12€ diarios (día que hai servizo). Os/as colaboradores 9€ día colaborado. Permítense un máximo de 10 colaboradores diarios, que teñen dereito ese día usar gratuitamente o servizo de comedor. Non hai ningún tipo de contrato, é unha colaboración voluntaria. As condicións e asignacións fíxaas a Delegación provincial de Educación anualmente.

6-Que problema de espazo se pode dar para o próximo curso no comedor?

Que non colla o alumnado. Agora mesmo hai máis usuarios de comedor que plazas. Solucionouse pasando alumnado de primaria para infantil e xogando coas plazas do alumnado que falta diariamente as clases por motivos de saúde. Isto provoca que moitos nenos e nenas non teñan unha mesa fixa no comedor.

De complicarse o problema como se prevé, a solución teraa que buscar o Consello Escolar

7-Que problema de persoal colaborador se pode dar para o próximo curso no comedor co espazo?

O comedor precisa un encargado/a de comedor e colaboradores (pais, nais ou profesorado).

Actualmente de 30 profesores/as están colaborando e turnándose 13 (directamente no comedor dez) e a encargada de comedor tamén é unha profesora. Do profesorado definitivo no centro ninguén está disposto a seguir no comedor nas circunstancias actuais para o próximo curso.

SOBRE AS FAMILIAS

1-A xornada continuada significa un cambio no horario das familias?

Non necesariamente.

A hora de entrada é saída a mesma para o alumnado que emprega o transporte escolar.

Supón un cambio para as familias que levan aos seus fillas/os a comer habitualmente á casa as 13:15h. Coa xornada única levarannos ás 14:45h. Teñen a ventaxa de que xa non os terán que trasladar ao centro pola tarde, salvo que desexen participar nas actividades complementarias.

2-Aumenta ou diminúe o tempo de permanencia do alumnado no centro?

As horas lectivas, por lei, son as mesmas en xornada única que partida. Pero, debido as actividades complementarias, o alumnado poderá permanecer no centro baixo o control do profesorado ata as 17:30h. Coa xornada partida só ata as 16:30h.

SOBRE O ALUMNADO

1-En que beneficia ao alumnado a xornada partida?

-Entendemos que mellora as condicións para o rendemento académico ao aproveitar para as clases as horas de maior concentración e capacidade intelectual.

-Mellora as condicións para o estudo, favorecendo a autonomía persoal do alumnado podendo dispor de distintas opcións de traballo e ocio nas actividades complementarias.

-Favorece a realización de traballos en equipo, potenciando as relacións entre o alumnado tanto no estudo como no ocio.

-Multiplica as posibilidades de asistencia a actividades complementarias, especialmente ao alumnado máis alonxado do centro.

-Favorece a igualdade do alumnado no uso das TIC's para o estudo e traballo

diario, especialmente no alumnado que non dispón de conexión a internet nas súas casas.

2-Son moitas as horas que o alumnado está sen comer?

Actualmente o alumnado almorza, no recreo das doce *merendan* e unha hora despois come. Problema, moitos nenos/as comen mal e sen fame no comedor xa que só pasou unha hora dende a *merenda*.

Coa xornada única, o alumnado almorzará á mesma hora, *merenderá* ás 13h (unha hora máis tarde que antes) e comerá ás 14:45h, case dúas horas despois de *merendar*. Entendemos que non hai espazos demasiado grandes entre espazos de comidas. Os espazos serían os mesmos que os doutros centros con xornada única.

SOBRE A XESTIÓN DO CENTRO

1-A xornada única condiciona a presentación dunha proposta de dirección estable?

Ata agora, os nove últimos cursos a dirección do centro foi nomeada dende a administración por ausencia de candidaturas.

A xornada única garante a continuidade do profesorado no centro e polo tanto permite a elaboración de proxectos de dirección a longo prazo que non provoquen todos os comezos de cursos problemas e tensións nos distintos servizos educativos e complementarios.

2-Marca a xornada única os tempos de presentación de candidaturas á dirección?

Non, veñen marcados por un calendario que no seu momento publicará a Delegación de Educación. O feito de plantexarse a xornada única garante que se presente polo menos unha candidatura que de ser elixida para a dirección e de contar con xornada única sabe do respaldo que conta por parte da comunidade escolar para desenvolver un proxecto a longo prazo.

De non ter xornada única, efectivamente o respaldo da comunidade escolar non semella o mesma.

3-Poderíase explicar algunhas das vantaxes inmediatas para unha dirección coa xornada continuada?

1-Con xornada única a dirección do centro ve garantida unha solución para o próximo curso na xestión do comedor, da biblioteca, da ludoteca, do estudo. Con xornada partida no mes de setembro atoparase cun problema que vai xerar non poucas tensións, de xeito algúns deses servizos poida que desaparezan.

2-O noso centro educativo é dos poucos en todo Galicia que está desenvolvendo tres plans que a Consellería considera vitais: Proxecto Abalar, Proxecto Bilingüe e Plan de Mellora de Bibliotecas. Calquera plan nun centro

depende da continuidade do profesorado e da súa implicación.

4-A selección de dirección para os próximos cursos é anterior ou posterior as votacións das familias para a aprobación da xornada única?

Entendemos que o proceso de selección de dirección se celebrará entre os meses de abril e maio. Seguramente a votación sobre a xornada será máis tarde.

SOBRE O PROFESORADO

1-A xornada única garantiza a estabilidade do profesorado?

Si. O Ceip. de Pedrouzos é un centro cunha estabilidade do profesorado moi baixa, sendo un centro de paso para gran parte do profesorado.

Polos concursos de traslados vemos que o profesorado concursa a centros próximos con xornada única.

Ten unha repercusión inmediata no desenvolvemento de proxectos a longo prazo, especialmente os relacionados coas TIC's (tecnoloxías da información e a comunicación) e biblioteca, que son proxectos que precisan da implicación da maior parte do profesorado.

2-É importante a estabilidade do profesorado?

É moi importante. Curiosamente este centro e dos máis activos en canto a proxectos e premios de innovación educativa, pero sen continuidade e polo que o alumnado non se ve favorecido como debería destes traballos.

3-Como se reflicte o punto da orde do 29 de maio sobre os horarios do profesorado e a permanencia de dúas horas complementarias?

O proxecto ten que contemplar a hora de atención ás familias que segue a ser os luns de 16:30h a 17:30h.

As dúas horas de permanencia do profesorado no centro contémplase tamén os luns de 17:30h a 19:30h.

(Observese que precisamente os luns será o profesorado especialista quen se encargue de 16:30h a 17:30h da biblioteca e da sala de estudo).

4-Interésealle ao profesorado xestionar o servizo de comedor?

Menos da metade do profesorado está colaborando actualmente co servizo de comedor.

Agora mesmo atopámonos que para o próximo curso non hai profesores/as dispostos a encargarse do servizo e ninguén quere comprometerse.

A xornada única garantiría un compromiso e unha estabilidade para a colaboración do profesorado. É importante sinalar, que ludoteca, biblioteca e estudo están moi vencellados á xestión do comedor.

4-Aumenta ou diminúe o tempo de permanencia do profesorado no centro?

En ningún caso diminúe. O que sí aumenta é o tempo de dedicación do profesorado ao alumnado, xa que todo o profesorado colaborará nos servizos e nas actividades complementarias, cousa que non sucede actualmente.

ACTIVIDADE COMPLEMENTARIAS

1-Como será o plan de actividades complementarias?

No centro ofertarase a Ludoteca de 15:30h. a 16:30h. Biblioteca e estudo de 15:30h. a 17:30h. Todas elas con presenza de profesorado.

A ANPA podería ofertar periódicamente talleres como en cursos anteriores.

O Concello ofertará actividades nas instalacións do centro e noutras próximas ao recinto escolar. Estas actividades son baixo inscrición e serán os monitores quen controle a asistencia e traslado as mesmas.

Dende o centro informarase puntualmente as familias sobre as incidencias das mesmas e velarase polo cumprimento dos programas.

O alumnado usuario de transporte terá que voltar para as súas casas as 16:30h. en caso contrario terán que ter un permiso asinado indicando o responsable da súa recollida.

O centro disporá dun listado de participación do alumnado en cada actividade garantindo en todo caso a asistencia ao alumnado durante os tempos da xornada continuada.

A presenza de profesorado no centro será ata ás 17:30 min.

As instalacións do centro poderán seguir abertas sempre e cando haxa actividades programadas como ocorre actualmente coas actividades do concello, pero non con presenza do profesorado.

2.Servizos de ludoteca, biblioteca e estudo.

A biblioteca é un espazo de lectura e consulta de libros, no que o alumnado deberá permanecer en orde e silencio. Ofrece un servizo de préstamo de libros, cinco ordenadores de traballo e servizo multimedia.

O estudo será un espazo de traballo no que se esixirá o máximo orde e silencio. A ludoteca é un espazo de ocio no que se ofertan distintos xogos de mesa (xadrez, damas, parchís,...) e outros educativos (construcións, crebacabezas,...) ou lecturas de carácter máis lúdico.

Ludoteca e biblioteca xa teñen dende o curso 2008/10 o seu espazo asignado. A sala de estudo aínda non, e será unha das aulas que rodean á biblioteca. Cal vai ser é o de menos, xa que son as catro iguais. Será a dirección do centro quen a asigne segundo as necesidades.

3.Número de alumnos participantes nos servizos de ludoteca,

biblioteca e estudo e ratio profesor/alumno.

-Estes servizos teñen un espazo e un aforo determinado polas instalacións. Na biblioteca collen a redor de 45 nenos/nas, na ludoteca sobre 50 e no estudo nunca máis de 25.

4. Que ocorre se hai máis demanda de prazas que oferta?

-Ludoteca e biblioteca véñense ofertando diariamente e nunca están completamente cubertas as prazas. Inicialmente tivemos un horario preferente de uso por niveis educativos que de ser necesario se implantaría. A experiencia doutros centros que ofertan estes servizos indica que sempre e maior a oferta que a demanda

5- Todo o alumnado ten que participar nalgunha das actividades extraescolares?

Non, a participación é totalmente libre. En ningún caso as actividades extraescolares deberán ser unha presión ou unha carga para o alumnado. Será o alumnado quen de xeito autónomo distribúa o seu ocio e tempo libre.

6-Colabora o Concello coas actividades complementarias?

Si. O Concello seguirá ofertando as actividades que anualmente ven desenvolvendo, comprometéndose a adelantar ás 15:30h. aquelas que a demanda o aconselle.

A comisión de xornada única colaborará co concello no estudio das posibilidades de oferta.

Brión, 11 de febreiro de 2011